

**Resolución pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Ordinario (PO) núm. 49/2025 interposto polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia**

No Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao PO núm. 49/2025 interposto Sindicato Nacional de CCOO de Galicia fronte á Normativa sobre avaliación de méritos docentes do profesorado universitario (aprobada no Consello de Goberno do 02.12.2024).

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Profesorado